

AURORA MARCO PROFESORA DA USC

## «Hai testemuños das exiliadas galegas moi estremecedores»

Investiga a Maruja Mallo, María Casares, Virginia Pereira, María Miramontes e outras perdedoras da guerra de 1936

JOEL GÓMEZ

SANTIAGO / LA VOZ

«As mulleres tiveron un papel moi importante no exilio e é preciso xeler ese tempo histórico coa súa perspectiva», afirma esta docente da Facultade de Ciencias da Educación. Onte falou na Biblioteca Ánxel Casal de Mulleres con memoria. Exilios femininos, na programación das xornadas sobre Rosalía de Castro, que organiza Galiza Nova.

—¿Que nomes destaca de exiliadas galegas?

—Hai mulleres ben coñecidas, como Maruja Mallo, María Casares, María Miramontes ou Virginia Pereira. Acontece como co-exilio masculino: o que máis se salienta é o labor de intelectuals, de escritoras ou artistas. E ao pé delas están outras perdedoras da Guerra de 1936 que tamén merecen ser coñecidas, por deixaren constancia do seu compromiso coas causas da xustiza e da liberdade. É o caso de Hortensia Blanch, Mariví Vilaverde, Mercedes Núñez Parga, Carmen Parga Parada, Sira Alonso Bruffau, María Tobío, Isabel Ríos, Jesusa Prado, Carmen Gómez Martínez, Ana Vietes, Amparo López Jean ou Luísa Viqueira, entre outras.

—¿Que estudos fose colectivo?

—Un dos asuntos que máis me interesou foron os textos memorialísticos. Nelos hai testemuños das exiliadas galegas moi estremecedores, impactantes.

—¿Citaría algún exemplo?

—O pioneiro foi o de Hortensia Blanch Pita, filla dun cata-



Aurora Marco falou na Biblioteca Ánxel Casal. AENARO BALLESTEROS

lín e unha galega, que publicou en 1940 *Éxodo. Diario de una refugiada española*. Nese traballo hai un texto en galego, lido por exiliados do noso país cando se dirixían ao desterro e pasaban por diante de Fisterra. Hai outros testemuños de mulleres que morreron de pena e de saudade. Ou Luísa Viqueira, filla de Xoán Vicente Viqueira, quen relatou que non podía regresar ao lugar onde a súa vida fora truncada.

—¿De que viviron as exiliadas?

—Traballaron en diferentes ámbitos: no servizo doméstico, na

agricultura e gandaría, en fábricas, moitas coseron e teceron, exerceron de comerciais, reserxaron negocios, algunhas foron profesoras ou escritoras, outras axudaron a crear infraestrutura galeguista, e moitas seguiron tamén coa actividade política.

—¿Que ideoloxía tiñan?

—Había comunistas, socialistas, anarquistas, galeguistas e outras republicanas sen militancia política. Todas se adaptaron aos países de acollida: os principais foron Francia, México, Arxentina, e en menor medida Cuba, Estados Unidos, e outros.